



# IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL "Zalaeta"

## ADENDA PEC

Aprobada en Claustro o día 6 de abril do 2022

Aprobada en Consello escolar o día 6 de abril do 2022

- ESO

**Avaliación**

- Segundo o grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.
- No caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación.
- Será continua, formativa e integradora
- Cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo( farase en calquera momento do curso ).
- Deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. Aínda que cada profesor/a poderá realizar. de xeito diferenciado a avaliación de cada materia
- Realizaranse tres avaliacións parciais e unha final (esta última non coincide no tempo coa terceira).
- O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.
- Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

<b>Promoción</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.</li> <li>- Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</li> <li>b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.</li> <li>c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.</li> <li>d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. <ul style="list-style-type: none"> <li>- A promoción con materias suspensas require plan de reforzo nestas.</li> <li>- A repetición é unha medida excepcional. Require esgotar as medidas ordinarias e o/a repetidor/a debe contar cun plano específico personalizado.</li> <li>- O/a alumno/a poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e como máximo dúas no ensino obrigatorio (1 ano máis en 4.º extraordinariamente).</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>
<b>Consello Orientador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizárase consello orientador en 2.º, 4.º e o alumno/a que conclúa a súa escolarización. Tamén cando se estime a súa incorporación a FP Básica ou PDC</li> </ul>

<b>Titulación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ao finalizar o cuarto curso da etapa no proceso de avaliación, o equipo docente da alumna/o ,na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.</li> <li>- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</li> <li>b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.</li> <li>c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Matrícula de honra</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As alumnas/os que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media <b>do cuarto curso</b> igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. Poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas/os igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.</li> <li>- <b>Criterios en caso de empate:</b> revisaranse ás notas dos cursos precedentes, outorgándose a aquela alumna/o que teña unha nota media máis alta .</li> </ul>

- **BACHARELATO**

**Avaliación**

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.
- A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias.
- O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes
- O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria.
- Realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias.
- No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.
- No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarse á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.
- As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

<p><b>Promoción</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As alumnas/os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Só se computarán as materias que como mínimo a alumna/o deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.</li> <li>- O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.</li> <li>- As alumnas/os do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.</li> <li>- As alumnas/os que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo</li> </ul>
<p><b>Titulación</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.</li> <li>- Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna/o que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Que o equipo docente considere que a alumna/o alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.</li> <li>b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna/o na materia.: <b>ausencia sen causa debidamente xustificada do alumnado, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo da materia.</b></li> <li>c) Que a alumna/o se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.</li> </ul> </li> </ul>

	<p>d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.</li> </ul>
<p><b>Matrícula de honra</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do <b>segundo curso</b> igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.</li> <li>- <b>Matrícula de honra:</b>revisaranse ás notas dos cursos precedentes, outorgándose a aquela alumna/o que teña unha nota media máis alta</li> </ul>

**Normativa :** (ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.